

ROSA

Loeiro, marzo de 2020.

Acometeuna unha náusea. Había unha semana que se sentía indisposta, pero decidira non darlle importancia. Tal e como andaban as cousas, non quería preocupar a familia con cuestións de saúde.

Recostouse na cadeira da galería e observou os nenos no xardín a través dos cristais. O pequeno Daniel, de seis anos, corría detrás da irmá. Rosa esbozou un sorriso ao advertir canto lle lembraba ese neno á súa nai. Viuse nese xardín con Ada, Álvaro e Eduardo en distintas etapas da vida. Vivira abondo como para saber que, o pasado non fora necesariamente mellor. Era un refuxio seguro e idealizado, pero, mesmo así, a nostalxia resultaba inevitable. Case agradecía a situación que os obrigaba a permanecer pechados nas casas, a pesar do medo e a incerteza que asolaban o mundo. Gustáballe telos a todos baixo o mesmo teito, o que non sucedía con frecuencia, pois tan só viñan unhas poucas semanas ao ano. E, xusto por esa razón, non os ía importunar por unhas simples molestias estomacais.

Colleu unha manta. Non daba entrada en calor. Estaba a piques de chamar a Carmen cando recordou que non fora traba-

llar. Ninguén traballaba. O mundo detivérase dez días atrás. Foi á coziña e preparou outra infusión de xenxibre e limón, a segunda desa mañá.

Xa de volta, volveu acomodarse na butaca. Gustáballe sentar alí para ler, escoitar música ou sinxelamente contemplar a paisaxe. Dende a galería gozaba dunhas vistas privilexiadas: a praia, o río Loeiro que desembocaba nela e lle daba nome á poboación, o monte veciño salpicado de casas e o mar en todo o seu esplendor cando, en días de vento coma aquel, batía contra as rochas e o peirao da propiedade familiar. Non se vía a ninguén. Non circulaba ningún coche. Coma nesas postais que se vendían noutros tempos.

Ada saíu ao xardín e chamou polos nenos. Seguramente lles estaría advertindo que logo chovería. A súa filla ergueu a vista e as súas miradas atopáronse. Ada alzou a man e ela devolveulle o saúdo. Rosa volveu experimentar a tranquilidade de ter os fillos e os netos canda ela. Agora, todos os problemas e os enfados dos meses anteriores perderan transcendencia. Os fillos non sempre actuaban como unha quería, e case nunca aceptaban consellos, pero iso xa non tiña importancia. Estaban vivos e a salvo na Casa Rosa.

Invadiuna a calor da infusión e sentiu unha súbita modorra. Pechou os ollos, mais abriunos deseguida; non quería durmir antes da comida. Empezou a notar un formigo nos dedos e o corazón e o pulso acelerados. Tentou falar e non puido. Faltáballe o aire. Un lategazo percorreulle o brazo esquerdo e un peso instalóuselle no peito. Abriu a boca, pero non foi quen de emitir son ningún.

O único ruído que se oíu na galería foi o estrondo da cunca de porcelana ao estalar esnaquizarse contra o chan; un chan branco e negro coma un gran taboleiro de xadrez.

IRIA

Bueu, maio de 2024.

“Como lle gusta o mar”, pensou. “Gustáballe”, corrixiuse. “Gústalle”, volveuse corrixir. A única realidade é que a Ángel antes lle gustaba o mar, pero agora ela non tiña nin idea do que sentía.

Observouno: a mirada cravada na ventá que daba á praia, a cabeza lixeiramente ladeada e as mans caídas a ambos os dous lados da cadeira de rodas. Era unha cadeira especial, con agarra-
doiras que o mantiñan ergueito, creando a falsa impresión de que podía sosterse só.

Iria sacou un pano de papel e limpoulle un rastro de saliva que comezaba a escorregarlle polo queixo. En breve chegaría o transporte adaptado que o conduciría ao centro de rehabilitación.

“Parece que está mellor”, suxerira a súa sogra a véspera. Iria non se molestara en contestar. Reservaba todas as enerxías para buscar os mellores tratamentos, as mellores clínicas. Mentres tomaba a decisión, acordara envialo a un centro especializado en accidentes cerebrovasculares próximo á súa casa, pero apenas conseguiran avance ningún.

A maior parte do tempo mirábao sen miralo, para non reter a imaxe da persoa que era agora. Non recoñecía aquela cabeza rapada nin a gran cicatriz que lle atravesaba o cranio, a mirada inexpresiva, o ricto caído e esa inmovilidade absoluta que resultaba desconcertante en Ángel. Quizais porque ese non era Ángel. Ángel era outro, outra persoa, e pronto volvería ser o de antes.

As clínicas especializadas eran caras e tiñan lista de espera, pero non se ía resignar ao prognóstico que lles dera o cirurxián. Levaba meses analizando terapias, tratamentos, resultados e estatísticas. E sabía o que quería: a terapia multidisciplinar que só ofrecían nunha clínica alemá e que estaba absolutamente fóra do seu alcance. Quería o seu home de pé, falando, rindo. Quería erguido diante desa ventá, dicindo que o mar hoxe estaba demasiado calmo, que a neboeira que entraba amodo pola ría arrefriaría a auga ou que esta primavera non chegaba xamais.

Iria botoulle unha ollada ao móbil. Na icona do correo corporativo axexaban case setecentas mensaxes. Seiscentas noventa e dúas, para ser exactos. Dende que solicitara a excedencia para coidar de Ángel non se permitira abrir o correo. Sabía que debía desinstalar a aplicación do móbil persoal, pero continuaba a manter ese vencello co traballo, e día a día comprobaba como o número de correos electrónicos medraba sen parar. Na súa outra vida, o mundo continuaba, e esas mensaxes lembrábanlle que ninguén era imprescindible. Tamén lle recordaban que tiña un emprego agardando por ela cando todo pasase. “Cando todo pase”, ese era o seu mantra. Todo pasaría. Todo pasa. Tatuaríao cando así fose. Entrementres, cortara calquera relación coa comisaría, coa única excepción da icona do correo corporativo no teléfono e as escasas mensaxes dalgún compañeiro. Eran *whatsapps* curtos e incómodos.

“Santaclara, como vai todo?”

“Igual”.

A resposta sempre era a mesma: “Igual”. A realidade podía reducirse a unha soa palabra. Por iso a anoxaba tanto esa alusión da sogra a unha melloría inexistente, que sen dúbida a ela lle servía de consolo pero que revivía en Iria a furia que nacera no momento en que atopara a Ángel tirado no chan do baño, había xa máis de seis meses. Molestáballe ese conformismo. A súa sogra rendérase, pero ela non. Ela ía conseguir os cartos. Vendería a casa. Aínda estaba pendente de pago máis da metade da hipoteca, así que para poder asumir o custo do tratamento tería que complementar o produto da venda cun préstamo persoal. Neses momentos estaba a negociar co director da sucursal bancaria. Non quería recorrer aos pais, pero el insistía en pedirlle un aval. En canto reunise os cartos, mandaría a Ángel para Alemaña. Aínda non sabía como faría para que o aceptasen como paciente, como diluiría esa lista de espera interminable. Pero agora non podía pensar niso; xa cruzaría esa ponte cando chegase a ese río.

Colleu a cazadora de Ángel e púxolla, con coidado, como a nena que viste un boneco que lle agasallaron no seu aniversario. Non se afacía a ese estado de pasividade. Empurrou a cadeira ata a porta. En menos de dous minutos chegou o autobús do centro de rehabilitación. Saudou a Guille. Falaron do tempo. Sempre falaban do tempo. Chove moito. Non chove. Vai un frío do demo. Cando se viu este sol no inverno? Menos mal que xa estamos na primavera. Os días pasaban e o tempo cambiaba. O demais, non. Iria despediuse sen esperar a que Guille prendese a cadeira na parte de atrás do ómnibus.

Entrou na casa e mudou a roupa: mallas deportivas, unha camiseta e un suadoiro. Baixou á praia e andou sobre a dura area mollada que a baixamar habilitaba para camiñar e mesmo correr sen necesidade de ir descalza. O exercicio físico reactivábaa e

axudábaa a manter a cordura. escoitaba a música que lle gustaba a Ángel e que ela non aturaba; el era de rock e ela de *indie*; con todo, agora necesitaba sentirse conectada a el. A música de System of a Down illouna do pesadelo en que se convertera a súa vida.

“Ao fin conseguiches que me guste. Levabas razón, só tiña que escoitalos.” Facía iso a miúdo: falar con Ángel e imaxinar as súas respostas. Pechaba os ollos e imaxinábao ao seu carón.

O teléfono móbil que levaba no peto comezou a soar e trasladou a vibración ao reloxo de pulseira. O número era descoñecido. Rexeitou a chamada. Insistiron. Volveu rexeitala. Á terceira apagou o móbil, malia que implicase deixar de escoitar a música nos auriculares.

De volta á casa e tras ducharse, volveu acendelo. Seiscentas noventa e dúas. O globo vermello seguía indicando o mesmo número de mensaxes no correo corporativo. O teléfono mostroulle tamén cinco chamadas perdidas, todas do mesmo número: o da praia. De súpeto, veulle á cabeza a idea de que algo malo lle sucedera a Ángel. Un accidente de tráfico. Unha repetición do ictus. Maldixo a súa inconsciencia e apresurouse a pulsar o botón da rechamada. Descolgaron decontado.

—Inspectora Iria Santaclara? —era unha voz de home e tiña un ton levemente autoritario.

Estivo a piques de contestarlle que non estaba na comisaría, pero asaltárona outras preguntas, como quen lle dera o seu teléfono persoal ou por que tanta insistencia.

—Son Ulises Villamor.

Nun primeiro momento pensou que era unha broma, pero o instinto díxolle que era certo, que era el. Non imaxinaba que podía querer dela. O único que alcanzou a xulgar é que ninguén rexeitaba cinco veces a chamada dun dos homes máis ricos e poderosos do país.